
XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

SISTEMA DE AVALIACIÓN

PORCENTAXE	INSTRUMENTO
· 80% da cualificación	· Probas escritas sobre aspectos traballados na aula
· 20% da cualificación	· Traballo diario de diverso formato (individual, grupo, investigación, repaso e/ou afondamento) recollido na ficha de seguimento de cada alumna/o
ASPECTOS RELEVANTES: · Os resultados das probas escritas e do traballo diario serán rexistrados polo profesorado e comunicados ao alumnado. · A ortografía será tida en conta como norma xeral, tanto no traballo diario como nos exames, podendo supoñer neste último caso ata 1 punto menos na cualificación (cada falta de ortografía restará 0,10 puntos). · Se un alumno/a introduce folios xa escritos ou é sorprendido copiando ou intentando copiar no exame (xa sexa do libro, apuntamentos, <i>chuletas</i> ou mediante o móbil, reloxo...), se lle retirará o exame, que será cualificado cun cero. · En ningún caso haberá probas extra para subir nota.	

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. **Corrección na expresión oral e escrita**, tanto na forma (caligrafía, marxes, limpeza) como na ortografía, na gramática e no léxico.
2. **Exposición coherente e intelixible** das ideas e argumentos.
3. **Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos** a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.

-
4. **Transferir adecuadamente a información** e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.
 5. **Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron** nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual.